



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA PAIS/NAIS/RESPONSABLES

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30 de setembro de 2022), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/RESPONSABLES** segundo as seguintes normas:

1. A Orde do 21 outubro de 1996 no seu punto 8 referencia ó artigo 43 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria onde se determina a composición dos consellos escolares nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades (o noso centro) e que é a seguinte:

- a) O director, que será o seu presidente.
- b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- c) Dous profesores elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no Consello Escolar.
- d) Un representante dos pais/nais/responsables de alumnos.
- e) Un alumno.

2. Esta convocatoria é para a renovación parcial de representantes de profesorado e pais/nais/responsables.

3. En virtude do anterior na presente convocatoria cabe a elección de **UN REPRESENTANTE DE PAIS/NAIS/RESPONSABLES** ó Consello Escolar

4.- O censo de pais/nais/responsables está exposto a partir 08-11-2022 no taboleiro de anuncios situado na entrada do centro.

5.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir das 08:30 horas do día 11 ata as 14'00 horas do día 18 de novembro na Secretaría do noso centro.

6.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e catro pais/nais/responsables elixidos por sorteo público entre os que non sexan candidatos (máis a previsión da mesma cantidade de suplentes) , o de menor idade, actuará como secretario.

7.- Cada pai/nai/responsable fará constar na papeleta un máximo de 1 nome da lista de candidatos.

8.- O voto será directo, secreto e non delegable.

9- A Votación levarase a cabo na biblioteca do IES Ramón Caamaño o martes 29 de Novembro de 2022 das 17:00 ás 20:00 horas.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Muxía, 4 de novembro de 2022

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: M^a Pilar Mirón Blanco